

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE FEBREIRO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/1811/2008.- María Vieito Liñares.-** Vivenda unifamiliar no lugar de O Romáño nº 47.

**Lic/795/2008.- María del Carmen del Río Seoane.-** Vivenda unifamiliar illada na rúa do Lindeiro, parcela 310-B-2.

**Lic/2219/2006.- Promociones Guadalupe Norte, S. L.-** 6 vivendas unifamiliares encostadas nas parcelas resultantes da parcelación urbanística autorizada na Travesa do Cendal.

**Lic/2225/2008.- José M. Fernández Aldrey.-** Vivenda unifamiliar na rúa das Canteiras do Sar nº 61.

**Lic/336/2008.- Urban Mahia, S. L.-** Edificio de 142 vivendas en dous bloques, locais comerciais e trasteiros nas parcelas 1A, 1B, 2A e 2B dos quinteiros 6 e 7 do polígono 2 do SUP-5 de Choupana.

**Lic/865/2008.- Ramón Ruanova Lagares.-** Modificación da licenza outorgada pola que se autoriza ao interesado á construción dunha vivenda unifamiliar en Sarela de Abaixo aceptando a nova aliñación plantexada.

**Lic/496/2008.- Rosa M. Ruanova Lagares.-** Modificación da licenza outorgada pola que se autoriza ao interesado a construción dunha vivenda unifamiliar en Sarela de Abaixo aceptando a nova aliñación plantexada.

#### PARCELACIONES.-

**Lic/12/2009.- M. Hossein Keshavarz Manesh.-** Parcelación urbanística previa agrupación das parcelas nº 222-4 e 222-6, resultantes de parcelación autorizada por esta administración da parcela 222 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martín de Laraño, ó sitio de Cortiñas de Laraño-Xunlla. (+)

#### PRÓRROGAS.-

**Lic/2021/2008.- Juan Sanmartín Ferreiro, S. L.-** Nave industrial na parcela 104 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.

#### CAMBIO DE TITULARIDADE.-

**Lic/2084/2008.- INMOBILIARIA DE PUENTES Y CALZADAS, S. L. ,** representada por D. José María Rodríguez Santalices.- Cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local á entidade Juan Sanmartín Ferreiro S. L., para construción dunha nave industrial sen uso determinado na parcela 104 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.

#### DEVOLUCIONS DE FIANZAS.-

1133/08.- Construcciones Orega S. L. ....	Expte. Lic/1165/2006 .....	36.000 €.-
2475/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/281/2007 .....	300 €.-
2455/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/109/2007 .....	3.000 €.-
2465/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2133/2006 .....	3.500 €.-
2485/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1543/2007 .....	1.000 €.-
2477/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2299/2003 .....	800 €.-
2442/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1779/2007 .....	1.000 €.-
2441/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1776/2007 .....	300 €.-
2484/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/669/2004.....	390 €.-
2480/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1245/2004 .....	1.000 €.-
2479/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2109/2005 .....	150 €.-
2461/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1542/2007 .....	400 €.-
2469/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/550/2006 .....	1.500 €.-
2466/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/434/2007 .....	4.000 €.-
2440/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1325/2005 .....	400 €.-
2472/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2250/2006 .....	400 €.-
2464/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2048/2007 .....	400 €.-

2443/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1951/2007 .....	2.500 €-
2444/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1704/2007 .....	7.000 €-
2452/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2450/2005 .....	200 €-
2486/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1510/2008 .....	600 €-
2476/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2605/2007 .....	4.000 €-
2471/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/2165/2006 .....	4.000 €-
2459/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1401/2007 .....	2.000 €-
2449/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1675/2005 .....	2.000 €-
2460/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1409/2005.....	2.000 €-
2473/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/789/2005 .....	850 €-
2468/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/875/2007.....	300 €-
2450/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1778/2007 .....	700 €-
2467/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/1752/2008 .....	1.000 €-
2453/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/33/2006 .....	200 €-
2458/08.- Malga, S. L. ....	Expte. Lic/276/2006 .....	20.000 €-
124/09.- Luís Vázquez Mella .....	Expte. Lic/1295/2002 .....	1.175 €-

**3 a 27.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concéndense os devanditos beneficios fiscais.

**28.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a recurso de reposición interposto contra acordo de data 14.10.2008.**

Rexéitase o recurso interposto.

**30.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas a traspaso, transmisión, permuta, anulación de traspaso e caducidade e revogación de licenza de casetas do mercado de abastos.**

Autorízanse dúas permutas, tres transmisións, un traspaso e unha caducidade.

**31.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á adxudicación de licenzas de venda ambulante no marcadiño de Salgueiriños e aprobación de lista de espera para a provisión de vacantes.**

Adxudícanse provisionalmente 35 licenzas de venda ambulante e apróbase a lista de agarda.

**32.- Adxudicación provisional do servizo de organización do evento "Outlet Compostela 2009"**

Adxudícase á empresa ADELANTE EVENTOS Y SERVICIOS, SL, por importe de 27.935 euros (máis 16% do IVE).

**33.- Proposta da concelleira delegada de Cultura para a contratación dun/ha director/a da Banda Municipal de Música.**

Apróbanse as bases para a devandita contratación.

**34.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á prórroga do convenio para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas para o 2009.**

Acórdase dar conformidade ao desenvolvemento dos programa e servizos que, en materia de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas, se propoñen realizar para o ano 2009 no marco do Plan de Galicia sobre Drogas.

**35.- Revisión de tarifas do recinto feiral de Amio para 2009.**

Apróbase a revisión de tarifas de acordo coa variación experimentada polo IPC no periodo comprendido entre decembro de 2007 e decembro de 2008.

**36.- Revisión de tarifas de aparcamentos públicos 2009.**

Apróbase a revisión de tarifas dos aparcamentos de San Clemente, Hórreo, San Caetano, Praza de Vigo, Romero Donallo, Puente Castro-A Rosa e Praza Roxa.

**37.- Revisión de tarifas do tanatorio de Boisaca 2009.**

Apróbase a revisión de tarifas de acordo coa variación experimentada polo IPC entre decembro de 2007 e decembro de 2008.

**38.- Propostas do concelleiro delegado de Mocidade relativa á aprobación do 2º certame de Músicaxove e concerto de presentación.**

Apróbanse as bases do segundo certame Músicaxove'09 e un orzamento de 27.891,44 euros.

**39.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación do servizo de mantemento de aplicacións T-Systems durante o ano 2009.**

Acórdase a contratación para o ano 2009 do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadatoria, inspección, padrón de habitantes e convocatorias electorais, utilizadas na actualidade polos Servizos de Xestión, Recadación e Inspección e de Padrón de Habitantes respectivamente, e a súa adxudicación a T.Systems, subministradora e creadora do software, por un importe de 36.416,33 euros (IVE incluído).

**40.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do programa RACE "Compromiso coa seguridade viaria e o medio ambiente".**

Apróbase o programa e un orzamento de 1.200 euros.

**41.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da actuación "A historia do século XX contada a través do rock".**

Apróbase a realización da actuación e un orzamento de 812 euros.

**42.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a XIV edición do premio literario Ánxel Casal.**

Apróbanse as bases e un orzamento de 8.097 euros.

**43.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de premios de xubilación anticipada.**

Apróbase o pagamento do incentivo por xubilación anticipada a un traballador do Concello.

**44.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á provisión do posto de Coordinador do Plan URBAN.**

Acórdase o nomeamento para o posto de D. Fernando Martínez Gómez.

**45.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación de gastos e ingresos do primeiro trimestre de 2009 da Rede Sociocultural.**

Apróbase a proposta. Ingresos previstos: 29.445 euros. Gastos: 71.145 euros.

**46.- Deixar sen efecto o acordo número 186 da sesión de data 20.01.09.**

Déixase sen efecto un acordo enviado por duplicado á Xunta de Goberno.

**48.- Proposta da alcaldía relativa á solicitude á Consellería de Vivenda e Solo da subvención de axudas aos Concellos para a contratación de persoal técnico para facilitar a aplicación das normas do Hábitat Galego.**

Solicítase á Consellería de Vivenda e Solo a subvención de axudas aos concellos para a contratación de persoal técnico para facilitar a aplicación das Normas do Hábitat Galego. O Concello aportará o 20% (4.000 euros)

**49.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel, relativa á solicitude de cesión a favor do Concello da masa común número 528 da concentración parcelaria de Busto-Berdía.**

Solicítase do Bantegal a cesión gratuíta a favor do Concello da titularidade da masa común nº528 da concentración parcelaria de Busto-Berdía para acondionala como campo de festa e zona de lecer para o seu uso público.

**50.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao acordo sobre nova titularidade da parcela de resultado 3 do proxecto de reparcelación do polígono 1 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.**

Tómase coñecemento da transmisión de titularidade da devandita parcela.

**51.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto de construción: colectores de saneamento en Cornes e encomendar a EMUVISSA que proceda a xestionar a execución das obras.**

Apróbase o proxecto de construción: colectores de saneamento en Cornes e encoméndase a Emuvissa que proceda a xestionar a execución das obras.

**52.- Dar conta do escrito da alcaldía en relación coas obras de ampliación e mellora das instalacións e espazos de uso da Fundación Eugenio Granell.**

Dáse conta do escrito da alcaldía polo que se pon a disposición do Consorcio dos terreos necesarios para a realización da citada obra que son propiedade do Concello e durante o tempo de execución.

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo.**

Acórdase a solicitude á devandita Consellería dunha subvención para a contratación de traballadores desempregados a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á provisión dunha praza de psicólogo para o CIM.**

Acórdase que se execute a provisión da devandita praza a través da listaxe de selección do posto.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento dun arqueólogo para a scción de Arqueoloxía.**

Apróbase o nomeamento dun arquólogo para reforzo da sección municipal de arqueoloxía.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación da sinatura do Protocolo de intencións entre o Concello e a Xunta de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de fomento do transporte público na área de transporte metropolitano de Santiago.**

Acórdase a sinatura do devandito convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos de Santiago, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra. Este documento operará como marco para o funcionamento da área de transporte.

**5.- Proposta da alcaldía sobre o Fondo Estatal de Inversión Local.**

Dáse conta da autorización, por parte do Ministerio de Administracions Públicas do financiamento dos recursos necesarios para a execución de 27 obras presentadas.